



CRITERIOS E MEDIDAS TENDENCIAIS

Asunto: Directrices sobre a formación do Marco Orzamentario

Grupo de Consolidación:

Entidade Local

Organismo Autónomo Administrativo: Xerencia Municipal de Urbanismo

Fundacións: MARCO, CONVENTION BUREAU.

Período: 2024-2026

Dirixido a: Tesoureiro-Director Superior Contable e Orzamentario

En virtude do Decreto das delegacións de 18 e 26 de xuño de 2019, ao obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, establécense as directrices xerais do Marco Orzamentario de Medio Prazo do Grupo Concello de Vigo para o período 2024-2026.

O artigo 5 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, modificado polo artigo Único. 2 da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece a condición que a mesma obriga a todos os entes que conforma o Sector público, e para o Concello de Vigo, para o perímetro definido arriba.

O artigo 6 da Orde, establece que antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente fixe o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais.

O marco orzamentario da entidade local deberá elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local.

A Comisión Europea decidiu aplicar a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento en 2020, prorrogouna para o exercicio 2021 e 2022. O pasado 22 de setembro de 2022, considerando que en España se manteñían as condicións de excepcionalidade que xustificaban manter suspendidas as regras fiscais en 2023.

O 20 de outubro de 2020, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou por maioría absoluta o acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro de 2020 polo que se solicita ao mesmo a apreciación de que España está a sufrir unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria, co fin de aplicar a previsión constitucional que permite nestes casos superar límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública.

Posteriormente, o Pleno do Congreso dos Deputados determinou, o 13 de setembro de 2021, que persistían as condicións de excepcionalidade que xustificaban manter suspendidas as regras fiscais para o ano 2022.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/03/2023 16:34	Páxina 1 de 7
247-143	CSV: A8AA21-AECH88-C48HCB-2ALWSL-M5T724-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 247/143

Finalmente, dita decisión foi ratificada polo Congreso dos Deputados o 22 de setembro de 2022, considerando que en España se manteñen as condicións de excepcionalidade que xustificaban manter suspendidas as regras fiscais en 2023.

Deste xeito, coa apreciación adoptada pola maioría absoluta do Congreso e con efectividade desde o mesmo día en que se tomou o acordo, mantéñense suspendidos durante o exercicio 2023, os obxectivos de estabilidade e débeda, así como a regra de gasto.

En consecuencia, para os anos 2020, 2021, 2022 e 2023, as Entidades Locais non teñen obriga de cumprir cos obxectivos de estabilidade, de débeda pública nin a regra do gasto, aínda que está fixada unha senda, que é orientativa aos efectos de capacidade/necesidade de financiamento en relación a un porcentaxe do PIB.

Para o ano 2024, os orzamentos das EELL, deberán aprobarse e executarse equilibrados

MEDIDAS DO ESTADO DE GASTOS CONSOLIDADO

CAPÍTULO 1. En canto ao gasto de persoal, non hai a esta data marco regulador algún de aplicación ao período de referencia, polo que, tendo en conta a variación prevista do PIB para o devandito período, e tendo en conta a variación acumulada dos últimos anos, faise a seguinte previsión:

2023	2024	2025	2026
Orzamento inicial	% de variación	% de variación	% de variación
80,716,743.30	2.00%	2.00%	2.00%

Se as Leis de Orzamentos Xerais do Estado fixasen outra variación, o Orzamento que se tramite reflectirá a porcentaxe que se estableza pola devandita norma ou por calquera outra norma que regule a variación das retribucións de persoal ao servizo do sector público.

A dotación que reflecta o capítulo ten que posibilitar facer fronte aos custes da plantilla vixente, que inclúe ao persoal funcionario de carreira, interino, persoal laboral fixo, indefinido, laboral temporal así como o persoal eventual e concelleiros con dedicación exclusiva e parcial de todo o grupo de consolidación.

CAPÍTULO 2. A súa dotación, deberá incluír a totalidade dos contratos vixentes así como os que están en tramite, tendo en conta as revisións de prezos previstas na Lei do contrato.

No período de referencia hai que dotar axeitadamente os gastos de subministro de enerxía e mantemento de alumado, o novo contrato de mantemento das estruturas mecánicas do Vigo Vertical, e as modificacións contractuais que se teñan producido. as variacións deste capítulo deberán estar nos límites seguintes:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/03/2023 16:34	Páxina 2 de 7
247-143	CSV: A8AA21-AECH88-C48HCB-2ALWSL-M5T724-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



2023	2024	2025	2026
Orzamento inicial	% de variación	% de variación	% de variación
153,257,623.91	1.00%	1.00%	1.00%

CAPÍTULO 3. Os gastos financeiros reflectidos neste capítulo refírense ás consignacións de pagos de intereses de demora, execución de avais e outras garantías. Non hai que facer dotación algunha para xuros de débeda ou préstamos, xa que o Concello non ten ningunha operación viva, polo que non hai devengo de xuros por préstamos financeiros.

2023	2024	2025	2026
Orzamento inicial	% de variación	% de variación	% de variación
56,780.00	0.50%	0.50%	0.50%

CAPÍTULO 4. As transferencias e subvencións correntes comprenden os créditos por achegas do Concello sen contraprestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes. Neste capítulo dótanse as transferencias de financiamento ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación, así como todas as de financiamento a outras entidades sectorizadas (Fundacións: Liste, Vide, Laxeiro), Entidade menor de Bembrive, Mancomunidade de Vigo, axudas aos usuarios de transporte, deporte, axudas de emerxencia, alimentos, vivenda, desafiuzamento.

As previsións de crecemento, tendo en conta os axustes de consolidación son as seguintes:

2023	2024	2025	2026
Orzamento inicial	% de variación	% de variación	% de variación
27,881,353.09	0.50%	0.50%	0.50%

Capítulo 5. O Fondo de continxencia terá unha dotación de 600.000,00 euros, que será coincidente ca prevista para o ano 2023, que representa o 0,2% do gasto non financeiro consolidado.





CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 247/143

CAPÍTULO 6. O financiamento propio para os empregos en investimentos reais será co aforro, non haberá financiamento financeiro, é dicir, o Concello no prevé acudir ao mercado de capitais para financiar as operacións de capital non financeiras.

Incluiranse neste capítulo, todos os acordos en vigor, entre eles o convenio coa Excmá Deputación e Pontevedra.

CAPÍTULO 7. As transferencias e subvencións de capital, a dotación será a que se corresponda coa convocatoria anual de axudas aos distintos colectivos sociais e AA.VV.

CAPÍTULO 8. Os activos financeiros están constituídos por anticipos de pagas ao persoal, coa súa contrapartida en ingresos; manténdose a dotación do ano anterior.

CAPÍTULO 9. Comprenden os pasivos financeiros correspondentes aos gastos por amortización de pasivos financeiros; devolución de depósitos e fianzas.

Este capítulo non está reflectir contía algunha, por non ter o Concello de Vigo débeda financeira con Entidades de crédito.

MEDIDAS DO ESTADO DE INGRESOS CONSOLIDADO

Todos as variacións que se producirán nos ingresos propios municipais, non variarán o esforzo fiscal de cada cidadá, o obxectivo e ampliar a base censal e a mellora na xestión, de tal xeito que o incremento na liquidación e recadación teña causa na xestión eficiente.

CAPÍTULO 1. Os impostos directos comprenden o Imposto de Bens Inmóveis (IBI, BICES), o Imposto de Actividades Económicas (IAE), o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU).

Conforma igualmente este capítulo, a cesión na participación nos tributos do Estado do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

A variación que se terá en conta axustarase ao contido das ordenanzas que se tramiten cada ano ou a variación tendencial.

2023	2024	2025	2026
------	------	------	------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/03/2023 16:34	Páxina 4 de 7
247-143	CSV: A8AA21-AECH88-C48HCB-2ALWSL-M5T724-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Estimación inicial	% de variación	% de variación	% de variación
112,173,330.00	1.00%	1.00%	1.00%

As variacións van a ser por axustes nos obxectos tributarios e nas bases de datos.

A variación tendencial proposta é inferior que as liquidacións efectivas do orzamento do ano 2022, que foi de 113.249.955,01 euros, e a prevista para o ano 2023, que é coincidente coas previsións iniciais.

En relación coa porcentaxe do imposto cedido polo Estado en relación co IRPF, a súa variación estará en función da comunicación que faga o MINHFP cada ano. A previsión que se está a avaliar, ten causa na contía das entregas a conta do ano 2023, e a variación conxunta do 1%, ten o seu fundamento técnico na evolución do Produto Interior Bruto, polo tanto, na marcha da economía para os anos 2024-2026 (Goldman Sachs: 2,3%, 2,00%, 2,00%), más contidas que as do Banco de España.

O mesmo criterio terase en conta para a cesión do IVE e II.EE, así como para o FCF, que re reflicten nos capítulos 2 e 4 do estado de ingresos.

CAPÍTULO 2. Os ingresos resultantes dos impostos indirectos, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, así como a cesión do IVE e Impostos especiais.

A variación neste capítulo ten é tendencial.

2023	2024	2025	2026
Estimación inicial	% de variación	% de variación	% de variación
10,615,870.00	1.00%	1.00%	1.00%

Para a cesión do IVE e II.EE, manterase o mesmo criterio que o previsto para o IRPF. O imposto relevante é o ICIO, non obstante, o ingreso representativo é o correspondente á cesión do IVE, que no ano 2022, liquidouse por unha contía e 6.112.309,65 euros, sen prexuízo das compensacións pola liquidación negativa correspondente ao ano 2020.

A estimación de liquidación prevista para o ano 2023, é de 11.146.663,50 euros, e a liquidación neta do ano 2022, foi por 9.165.715,67 euros, aos que hai que engadir, 1.550.394,12 euros de compensación por IVE polo reintegro que ten causa na liquidación negativa deste imposto no ano 2020, polo que a liquidación serán 10.716.109,79 euros, equivalente á prevista para o ano 2024.

CAPÍTULO 3. Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, a súa variación tamén vai a seguir o criterio de variación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/03/2023 16:34	Páxina 5 de 7
247-143	CSV: A8AA21-AECH88-C48HCB-2ALWSL-M5T724-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



tendencial.

2023	2024	2025	2026
Estimación inicial	% de variación	% de variación	% de variación
42,795,321.32	1.50%	1.50%	1.00%

A variación prevista é inferior ca liquidación do ano 2022 e a prevista para o ano 2023, sendo a do ano 2022 por unha contía de 48.289.908,70. euros, cunha recadación de 43.033.498,78 euros, e a prevista para o ano 2023 é por 44.837.020,84 euros.

CAPÍTULO 4. O total de ingresos previstos no Capítulo IV por transferencias correntes, ten a súa orixe no Fondo Complementario de Financiamento, na Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma, Plan Concertado, axudas ao Centro de drogodependencia e axudas ao transporte urbano colectivo. En relación coa variación do SAF, ten o seu fundamento nun aumento do cofinanciamento, pasando de 9,7 euros hora a 12 euros euros hora, así como no aumento do número de horas de servizo.

Para o servizo do CEDRO, se está á liquidación do ano 2022.

A subvención ao transporte público colectivo urbano se prevé a mesma base ca do ano precedente, polo tanto quedará suxeito á tendencia. A variación do ano 2023 en relación coa previsión do ano 2022, é do 2%.

Este capítulo está moi relacionado coa evolución da economía en termos do PIB, xa que a participación nos ingresos do Estado está en función dos ingresos recadados, para os anos 2024-2026 (Goldman Sachs:2,3%, 2,00%, 2,00%). En consecuencia, estase a facer unha previsión prudente.

A estimación inicial está en termos consolidados, deducindo as achegas que se fan aos entes que conforman o perímetro de consolidación (axustes de consolidación).

2023	2024	2025	2026
Estimación inicial	% de variación	% de variación	% de variación
98,936,728.81	1.50%	1.50%	1.00%

CAPÍTULO 5. Os ingresos patrimoniais proveñen de rendas de inmobles e rendementos financeiros. Este capítulo foi obxecto dun axuste á baixa en función dos tipos de retribución dos excedentes financeiros que afectou a exercicios pasados. Agora, os excedentes comenzarán a ter





un rendemento positivo, así como os rendementos do complexo de Beiramar, posibilita que a tendencia teña un crecemento máis relevante

2023	2024	2025	2026
Estimación inicial	% de variación	% de variación	% de variación
2,936,252.62	2.00%	2.00%	2.00%

CAPÍTULO 6. Os alleamentos de investimentos reais comprenden os ingresos polas transaccións das parcelas. Non se prevé ningún, ademais, de producirse, tramitaríase a preceptiva modificación orzamentaria por xeración de créditos nos estados de gastos, sendo o emprego destes recursos de aplicación obrigatoria, salvo excepción, a operacións de capital.

CAPÍTULO 7. O Capítulo VII de Transferencias de Capital do Orzamento de Ingresos, vai a ter as previsións contidas nos acordos en vigor, sempre tendo en conta o convenio vixente coa Excm. Deputación e Pontevedra, que é o único que se está a reflectir no marco orzamentario, polo que, as previsións de cada ano poden estar suxeitas a variacións en función da aplicación de novos acordos ou convenios.

CAPÍTULO 8. Os activos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de anticipos de pagas a persoal, coa súa contrapartida en gastos, ambas contías son coincidentes.

CAPÍTULO 9. Os pasivos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de operacións de crédito concertadas pola Corporación.

Nas políticas marcadas polo goberno, non está previsto a concertación de operacións de débeda no marco orzamentario de medio prazo, estando os investimento financiados na súa totalidade polo superávit orzamentario e por convenios con outras administracións.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira

(Delegación, Resolución Alcaldía de 18 e 26/06/2019)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/03/2023 16:34	Páxina 7 de 7
247-143	CSV: A8AA21-AECH88-C48HCB-2ALWSL-M5T724-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		